

**ACTA NUMERO CINCO DAS REALIZADAS POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN
PLENO DESTE CONCELLO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA O DÍA VINTE E NOVE
DE OUTUBRO DE DOUS MIL SETE :-----**

PRESIDENTA :

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

D. Salvador Duran Bermúdez
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Angel Casal Moldes
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Manuel López Méndez
D^a Susana Fernández Trelles
D. Martín Otero Otero
D. Roberto-Alfonso Fernández Lores
D^a Gloria González Camiña
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. Manuel Lores Púente
D. José-Ramón López Fernández
D. Jose-Luis Rodríguez Lorenzo

INTERVENTOR:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO ACCTAL.:

D. Luis-Angel Sabariz Rolán

No salón de actos da casa consistorial de Sanxenxo, sendo as vinte horas do día vinte e nove de outubro de dous mil sete. Baixo a presidencia da Sra. alcaldesa D^a CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ó marxe se relacionan co fin de realizar a sesión extraordinaria da corporación municipal en Pleno deste concello convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola presidencia declárase aberta e pública a sesión co obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria circulada ó efecto. -----

ACTAS ANTERIORES:

62 : APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 25 DE SETEMBRO DE 2007. Pola **Sra. presidenta** pregúntaselle os asistentes á sesión se algún concelleiro/a ten que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

Ó non se formular ningunha observación, por asentimento unánime, préstase aprobación á devandita acta.-----

63 : EXPTE. Nº U-562/06 DE D. ANTONIO RODRÍGUEZ VÁZQUEZ. APROBACIÓN DEFINITIVA DO “PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR Nº 5 EN POMBAL-ADINA”. Polo **Sr. secretario** dáse lectura do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo que literalmente di:

“”**2º) EXPTE . Nº U-562/06 DE D. ANTONIO RODRÍGUEZ VÁZQUEZ. APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR Nº 5 EN POMBAL - ADINA**”: dáse conta do expediente ós asistentes, así como da proposta do xerente municipal de urbanismo de 25 de setembro do actual e que literalmente di:

“”Rafael Vázquez Abal, Xerente de Urbanismo da Xerencia Municipal do Concello de Sanxenxo, por Resolución da Sra. Alcaldesa-Presidenta de data de 15 de xaneiro de 2007.

Á vista de:

- *Acordo da Xunta de Goberno Local, de sesión do 15/02/2007, aprobando inicialmente o PERI-5, en Pombal – Adina.
- *Trámite de Información pública, mediante anuncios inseridos no Faro de Vigo do 13 de marzo de 2007, no B.O.P. Nº 62 de 28/03/2007 e no D.O.G. Nº 68 de 09/04/2007.
- *Informe do arquitecto municipal, de data do 13/07/2007
- *Informe da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, do 26/07/07.
- *Certificación da Secretaría Xeral de data 02/08/2007, acreditativa da NON presentación de alegación algunha como resultado do trámite de información pública.
- *Decisión do 08/08/2007, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible.
- *Informe de fiscalización do Sr. Interventor Xeral, de data do 13/09/2007.

Considerando que ao abeiro do establecido na Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, nos termos da modificación pola Lei 15/2004, apartado 1, letra a), ao solo urbano dos municipios con Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado á Lei 1/1997, do Solo de Galicia, aplicaráselle o disposto nesa Lei para o solo urbano, sen prexuízo de respecta-la ordenación establecida no planeamento en vigor.

Considerando que ó abeiro do disposto no artigo 29.1.g) dos “Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo”, entre das facultades do Xerente atópase a propoñe-la aprobación dos instrumentos de planeamento de desenrolo e de xestión urbanística.

E que ó abeiro do disposto no artigo 21.1.b) dos “Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo”, entre das facultades do Consello da Xerencia, atópase a de elevar ó Pleno do Concello proposta de resolución respecto da aprobación definitiva dos instrumentos de ordenación urbanística.

En consecuencia, e á vista de todo o anteriormente exposto,

PROPONSE Ó CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO:

1º) Propoñer ó Pleno do Concello proceder á **APROBACIÓN DEFINITIVA** do Plan Especial de Reforma Interior nº 5 (PERI-5), tramitado a instancia da mercantil **D. ANTONIO RODRÍGUEZ VÁZQUEZ**, ao abeiro do disposto no artigo 86.2) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro.

2º.- Ao abeiro do disposto no artigo 92.2) desa mesma Lei, o acordo de aprobación definitiva haberá de publicarse, no prazo dun mes dende a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia; e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no B.O.P.

3º.- Nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da Secretaría Xeral de aprobación definitiva.””

Dáse conta igualmente do certificación do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 27 de setembro.

Non se produce debate, e a presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Mixto e Sra. presidenta).

Abstencións: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, a **Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Urbanismo**, por maioría, acorda propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar definitivamente o "PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR Nº 5 EN POMBAL-ADINA", tramitado a instancia de **D. ANTONIO RODRÍGUEZ VÁZQUEZ**, de conformidade co proxecto técnico presentado, redactado polos arquitectos D. Manuel Rodríguez Fontán e Dª Pastora Parada Portas, con visado colexial de 7 de setembro de 2006 e documentación técnica anexa visada o 20 de decembro de 2006.

SEGUNDO: publicar este acordo no "Diario Oficial de Galicia" e no "Boletín Oficial da Provincia", debéndose publicar neste último as características urbanísticas deste plan parcial; e notificar persoalmente ós propietarios directamente afectados, con indicación dos recursos procedentes.

TERCEIRO: nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da secretaria xeral de aprobación definitiva.

CUARTO: levanta-la suspensión do outorgamento de licenzas que se acordara na aprobación inicial.””

Non se produce debate e a presidencia somete a votación o ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Abstencións: 7 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia a Corporación Municipal en Pleno adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar definitivamente o "PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR Nº 5 EN POMBAL-ADINA", tramitado a instancia de **D. ANTONIO RODRÍGUEZ VÁZQUEZ**, de conformidade co proxecto técnico presentado, redactado polos arquitectos D. Manuel Rodríguez Fontán e Dª Pastora Parada Portas, con visado colexial de 7 de setembro de 2006 e documentación técnica anexa visada o 20 de decembro de 2006.

SEGUNDO: publicar este acordo no "Diario Oficial de Galicia" e no "Boletín Oficial da Provincia", debéndose publicar neste último as características urbanísticas deste plan parcial; e notificar persoalmente ós propietarios directamente afectados, con indicación dos recursos procedentes.

TERCEIRO: nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da secretaría xeral de aprobación definitiva.

CUARTO: levanta-la suspensión do outorgamento de licenzas que se acordara na aprobación inicial.-----

Antes de entrar nos puntos relativos á modificación das ordenanzas fiscais, a **Sra. alcaldesa** manifestou que, como se ía propoñer practicamente en tódalas ordenanzas, a suba dos tipos no 2,2% (IPC anual) poderíase facer un debate conxunto para logo pasar as votacións de cada ordenanza; ou ben tratar punto por punto.

O **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, estimou que era preferible debater modificación por modificación, pois cada taxa ten a súa especialidade e merece tratarse por separado.

64 : MODIFICACIÓN ORDENANZA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA E RÚSTICA. Polo **Sr. secretario** dáse lectura do ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“2º) MODIFICACIÓN ORDENANZA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA E RÚSTICA. Trátase da modificación de dezanove ordenanzas con catro casuísticas distintas, taxas por utilización privativa do dominio público ou aproveitamento especial, taxas por prestación de servizos, impostos e un prezo público.

Na proposta da alcaldía as tarifas modificadas foron do 2,2% do IPC de xullo de 2006 a xullo de 2007.

Polo **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifesta que a norma que fai constar a alcaldesa na súa proposta entende que debe estar derrogada.

Acto seguido, pola Sra. alcaldesa pídeselle asesoramento ó Sr. interventor indicando que si, que por un erro copiouse a normativa anterior que el xa no seu informe cita a nova, que é o artigo 72 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo RDL 2/2004, do 5 de marzo.

Ós efectos dos estudos de custos relativos, ás ordenanzas que se modifican, tómanse como base os correspondentes do último ano modificado.

Constan en cada un dos expedientes a documentación necesaria, e de conformidade co artigo 47 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación das ordenanzas non precisa de maioría cualificada.

A presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 8 (Grupo Municipal do PP e Sra. alcaldesa).**

Votos en **contra: 3 (Grupo Municipal do BNG).**

Votos pola **abstención: 3 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Mixto).**

En consecuencia, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de tarifas:

Artigo 2º

1. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable os bens de natureza urbana queda fixado no 0,45 %.
2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable os bens de natureza rústica queda fixado no 0,35 %.
3. De conformidade co previsto no artigo 72.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais,, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable ós bens dos cales os valores catastrais foron obxecto de revisión ou modificación será:
 - a) Tratándose de bens de natureza urbana o 0,45 %.
 - b) Tratándose de bens de natureza rústica o 0,35 %.

Artigo 3º

1. Establecese unha exención para os bens inmóbles de natureza urbana dos cales a base imponible sexa inferior a 613,03 euros
2. Establecese unha exención para os suxeitos pasivos dos cales a totalidade dos seus bens inmóbles de natureza rústica non exceda de 1.226,06 euros.

SEGUNDO: de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo exporase ó público no taboleiro de anuncios do concello, por un prazo mínimo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no BOP, e contará a partir do día seguinte a que teña lugar a publicación no mesmo, así como nun diario dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón provisional, de forma automática e entrará en vigor a partir do 01/01/08.”

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que segundo Mariano Rajoy, se o PP gaña as eleccións xa non imos ter ó IBI, respondéndolle a **Sra. alcaldesa** que se iso sucede, pois haberá que respectar a disciplina de partido e esperar as fórmulas que se propoñan.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** continuou dicindo que hai que tratar estos expedientes de modificación de ordenanzas con moito coidado nos trámites e publicacións, pois senón pode haber sorpresas con impugnacións. Engadiu que hai algún defecto no expediente e así na proposta figura o texto “*Visto o informe da intervención...*” e logo ese informe está datado 16 días despois.

Tras dicirlle a **Sra. alcaldesa** que ela recibe informes verbais tódolos días, o **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que os informes válidos son os que se emiten por escrito e non de palabra. Matizou que hai máis defectos nos expedientes e que non tivo tempo para deterse máis a fondo, porque tamén ten outras cousas que facer no seu traballo particular. Desexou que os erros non ocasionen reclamacións.

Rematou dicindo, que o 2,2% da suba está ben, pois senón se adaptan os tipos impositivos á inflación, logo nun ano pode haber subas do 14 ou do 16% que non se entendeu, aínda que solicitou á **Sra. alcaldesa** que, como sempre está presumindo de concello rico, a suba sexa só do 2%, para ter un detalle cos veciños, sobre todo dos que teñen máis problemas económicos.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que o seu grupo ía votar do mesmo xeito que fixo na comisión.

O **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, manifestou que se pretende subir un imposto por enriba do IPC, porque os tipos se aplican sobre uns valores catastrais que suben ano a ano pola lexislación do Estado. Considerou así a suba dobre, opinando que non se precisa elevar os tipos.

Tamén manifestou que os valores catastrais, que foran revisados en 1996, achéganse o valor real dos inmobles e así o IBI é moi superior ós dos municipios que nos rodean. Dixo que aínda que estamos cun tipo baixo no tramo que permite a normativa (do 0,4 ó 1,10%), isto é enganoso porque hai municipios que nos triplican en poboación como o de Vilagarcía (onde o IBI ascende a 5.617.000 euros) que recadan coma nós (cifrou o IBI de Sanxenxo en 5.188.000 euros). Por isto solicitou explicacións engadindo que Cambados con 13.000 habitantes ten un IBI de 1.200.000 euros, ou sexa, 4 veces menos que Sanxenxo.

Para concluír manifestou que polos datos facilitados (dixo que “onde hai números calan barbas”) o cobro do IBI en Sanxenxo é desorbitado e representa máis do 33% dos ingresos correntes, sinalando que se deixen como están os tipos do IBI xa que os veciños non deben soportar nos seus petos unha dobre suba que cualificou como una “expoliación”.

O **Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, manifestou que o goberno local non é responsable da suba do IPC, engadindo que a recadación do IBI en Sanxenxo é importante porque hai moitas vivendas de familias que non residen no municipio durante boa parte do ano. Explicou que por estas vivendas de segunda residencia saen as diferenzas que expón o Sr. Fernández Lores.

Rematou dicindo que os tipos impositivos son baixos en Sanxenxo, e comparou os mesmos cos de outros concellos (Pontevedra 0,60%, Vilagarcía 0,51% e Poio 0,45%).

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que ninguén ten a culpa da suba do IPC e que, precisamente, este ano é o que menos sube. Insistiu en fixar o 2% como detalle de “concello rico”, e rematou dicindo que antes destas modificacións hai que reunir ós voceiros municipais e non convocar unha comisión a última hora con todo decidido polo goberno local.

O **Sr. Fernández Lores** manifestou que non é de recibo a explicación do Sr. Casal Moldes porque Sanxenxo non ten o mesmo número de vivendas que Vilagarcía. Engadiu que pode comprender a postura do goberno local pero que non se pode negar a evidencia. Lembrou de novo, os datos de Vilagarcía e de Cambados reafirmando que non lle valen os razoamentos do Sr. Casal Moldes. Non os entende ninguén por moi “cortiño de mente” que sexa quen os escoita.

O **Sr. Casal Moldes** insistiu que a lei non a inventou este goberno municipal nin a suba do IPC tampouco. Rematou dicindo, que o que é evidente é que o Concello de Sanxenxo ten os tipos de IBI máis baixos que outros concellos con gobernos cualificados de “progresistas”.

Para pechar o debate, a **Sra. alcaldesa** manifestou que para ter boa información deste tema do IBI non hai máis que comparar os recibos de Sanxenxo por un piso e outros de municipios da zona como Pontevedra e Vilagarcía. Engadiu que no noso municipio os importes son menores e así llo transmiten moitos contribuíntes.

Tamén dixo que o Sr. Fernández Lores descoñece totalmente o municipio onde reside, xa que co tema do IBI sempre sae co mesmo “sonsonete” de que aquí é máis elevado, sen razón algunha.

Rematou dicindo que o irrefutable é comparar os recibos para darse conta dos importes de cada concello.

A presidencia somete a votación o ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP) .

Votos en contra: 5 (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto).

Abstencións: 3 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia e por maioría, aprobouse o ditame na forma antes transcrita.-----

65 : MODIFICACIÓN ORDENANZA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. Polo Sr. secretario dáse lectura do ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“3º) MODIFICACIÓN ORDENANZA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. Trátase da modificación de dezanove ordenanzas con catro casuísticas distintas, taxas por utilización privativa do dominio público ou aproveitamento especial, taxas por prestación de servizos, impostos e un prezo público.

Na proposta da alcaldía as tarifas modificadas foron do 2,2% do IPC de xullo de 2006 a xullo de 2007.

Os efectos dos estudos de custos relativos, ás ordenanzas que se modifican, tómanse como base os correspondentes do último ano modificado.

Constan en cada un dos expedientes a documentación necesaria, e de conformidade co artigo 47 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación das ordenanzas non precisa de maioría cualificada.

A presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal do PP e Sra. Presidenta)

Votos pola abstención: 6 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, proponse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de tarifas:

Potencia e clase de vehículo	Cota	Coef.	Tarifa
A) Turismos			
De menos de 8 cabalos fiscais	12,62	1,136	14,34 €
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	34,08	1,136	38,71 €
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	71,94	1,136	81,72 €
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	89,61	2,0	179,22 €
De 20 cabalos fiscais en diante	112,00	2,0	224,00 €
B) Autobuses			
De menos de 21 prazas	83,30	1,207	100,54 €

De 21 a 50 prazas	118,64	1,322	156,84 €
De máis de 50 prazas	148,30	1,429	211,92 €
C) Camións			
De menos de 1.000 kgs. de carga útil	42,28	1,136	48,03 €
De 1.000 a 2.999 kgs. de carga útil	83,30	1,136	94,63 €
De 2.999 a 9.999 kgs. de carga útil	118,64	1,429	169,54 €
De máis de 9.999 kgs de carga útil	148,30	1,535	227,64 €
D) Tractores			
De menos de 16 cabalos fiscais	17,67	1,136	20,07 €
De 16 a 25 cabalos fiscais	27,77	1,136	31,55 €
De máis de 25 cabalos fiscais	83,30	1,136	94,63 €
E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica			
De menos de 1.000 e máis de 750 kgs. de carga útil	17,67	1,136	20,07 €
De 1.000 a 2.999 kgs. de carga útil	27,77	1,136	31,55 €
De máis de 2.999 kgs. de carga útil	83,30	1,429	119,04 €
F) Vehículos			
Ciclomotores	4,42	1,136	5,02 €
Motocicletas ata 125 centímetros cúbicos	4,42	1,136	5,02 €
Motocicletas de 125 ata 250 centímetros cúbicos	7,57	1,136	8,60 €
Motocicletas de 250 ata 500 centímetros cúbicos	15,15	1,136	17,21 €
Motocicletas de 500 ata 1.000 centímetros cúbicos	30,29	1,535	46,50 €
Motocicletas de máis de 1.000 centímetros cúbicos	60,58	1,651	100,02 €
Asemade e de acordo ó artigo 95.c o Concello establece unha bonificación do 50 % para os vehículos históricos ou de máis de 25 anos de antigüidade.			

A estes efectos os interesados deberán solicita-la bonificación correspondente e será a administración que verifique o carácter histórico do vehículo, estimándose, a tal efecto, que terán tal carácter aqueles cunha antigüidade mínima de 25 anos.

SEGUNDO: de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo exporase ó público no taboleiro de anuncios do concello, por un prazo mínimo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no BOP, e contará a partir do día seguinte a que teña lugar a publicación no mesmo, así como nun diario dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón provisional, de forma automática e entrará en vigor a partir do 01/01/08.”

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, insistiu, de novo, en que, como a Sra. alcaldesa manifesta sempre que Sanxenxo é un concello rico, podíase acordar a fixación de máis bonificacións do IVTM (como na derradeira sesión, falou de que “un átomo tamén fai sombra”). Engadiu que está ben bonificar os vehículos de máis de 25 anos aínda que a porcentaxe en vigor debería ser maior, pero lembrou que o texto refundido de réxime local permite varias bonificacións do IVTM para vehículos que utilizan determinados carburantes menos contaminantes. Rematou dicindo que “hai que facer país” e que este é o intre para adoptar medidas ecolóxicas na defensa do medio ambiente.

A Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, lembrou que o PP en Vilargacía votou en contra da suba dos tributos municipais, abríndose a continuación un debate entre a Sra. alcaldesa e a voceira socialista sobre o apoio ou non ás subas no PP e no PS de G-PSOE cando gobernan ou están na oposición.

A **Sra. Agúin Pombo** continuou dicindo que o seu grupo non pode apoiar as subas de Sanxenxo porque os tributos están altos e así neste IVTM o seu grupo ía manter o voto expresado na comisión informativa.

Propuxo, para rematar, a **Sra. Agúin Pombo**, que como están as pistas de Nantes, e Dorrón en deficientes condicións os veciños destas parroquias queden exentos do imposto por un ano.

A **Sra. alcaldesa** manifestou a súa estrañeza coa proposta da concelleira socialista e afirmou que o vial do que se fala nin é de titularidade municipal.

O **Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, manifestou que o seu grupo podería estar de acordo co asunto das bonificacións propostas polo Sr. Rodríguez Lorenzo, pero que o tema debeu ser exposto na comisión informativa. Engadiu que agora “non toca” falar diso preguntándolle ó concelleiro do grupo mixto se está de acordo ou non coa suba do IPC no IVTM. Rematou dicindo que para os vehículos de 12 a 16 CV en Sanxenxo págase 81,72 euros, mentres que en Vilagarcía a cota é de 102,50 euros.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo**, manifestou, dirixíndose ó Sr. Casal Moldes, que non pudo levar as propostas de bonificación á comisión informativa porque as sesións destas son convocadas “no último minuto”, lembrando que ten ocupacións particulares que lle impiden analizar máis a fondo estes temas.

De novo houbo un breve debate entre a Sra. alcaldesa e a Sra. Agúin Pombo, sobre os impostos de Vilagarcía e de Sanxenxo. A voceira socialista recomendoulle á Sra. alcaldesa que escoite ben o que lle di porque afirma cousas que non saíron da súa boca. A Sra. alcaldesa explicou que polas cotas do IVTM que detallou o Sr. Casal Moldes, se entende porque o PP vilagarcián non apoiou a suba dos tipos impositivos.

A presidencia somete a votación o ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP) .

Abstencións: 8 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e por maioría, aprobouse o ditame na forma antes transcrita.-----

66 : MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓN E OBRAS. Polo Sr. secretario dáse lectura ó ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“4º) **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓN E OBRAS.** Trátase da modificación de dezanove ordenanzas con catro casuísticas distintas, taxas por utilización privativa do dominio público ou aproveitamento especial, taxas por prestación de servizos, impostos e un prezo público.

Na proposta da alcaldía as tarifas modificadas foron do 2,2% do IPC de xullo de 2006 a xullo de 2007.

Ós efectos dos estudos de custos relativos, ás ordenanzas que se modifican, tómanse como base os correspondentes do último ano modificado.

Constan en cada un dos expedientes a documentación necesaria, e de conformidade co artigo 47 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación das ordenanzas non precisa de maioría cualificada.

A presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **8 (Grupo Municipal do PP e Sra. Presidenta)**

Votos pola **abstención: 6 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de tarifas:

Artigo 7^a. Bonificacións:

1. En virtude da modificación introducida polo artigo 35^a da Lei 51/2002, de 27 de decembro, na redacción do artigo 104.2.a) da Lei 39/1988, de 28 de decembro, terán dereito a unha bonificación do 50% as construcións de vivendas unifamiliares, entendéndose por tales as que promove unha persoa física coa finalidade de ser a súa primeira vivenda residencial ou substitutiva desta. Ésta bonificación aplicarase tamén ó suposto de rehabilitación. Quedan excluídas as vivendas de segunda residencia

Os requisitos subxectivos son os seguintes:

a) A unidade familiar deberá dispor dunha renda cuxos ingresos brutos sexan inferiores a 31.702,44 euros, de acordo ás normas e declaracións do IRPF.

b) A unidade familiar deberá dispor dun patrimonio inferior a 306.600,00 euros, de acordo ás normas do imposto sobre o patrimonio, caso estar obrigado a presentalo.

SEGUNDO: de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo exporase ó público no taboleiro de anuncios do concello, por un prazo mínimo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no BOP, e contará a partir do día seguinte a que teña lugar a publicación no mesmo, así como nun diario dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón provisional, de forma automática e entrará en vigor a partir do 01/01/08.””

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, comezou a súa intervención referíndose a que a normativa reguladora deste imposto posibilita a concesión de bonificacións con porcentaxes máis altos. Engadiu que non era preciso elevar ó 2% este imposto reiterando que Sanxenxo era un concello rico segundo a Sra. alcaldesa. Rematou dicindo, que se a lei dispón que é o Pleno, previa solicitude do suxeito pasivo, o que decide a concesión da bonificación do 50% deste imposto, en función da renda do promotor das construcións, non entende como no informe de intervención figura que non é preciso o acordo plenario.

A **presidencia** preguntoulle ó concelleiro do Grupo Mixto se desexaba que o interventor fixera algunha aclaración.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo** manifestou que lle daba o mesmo, anunciando que, senón quedaba claro este apartado de competencias para a concesión de bonificacións, recorrería o acordo.

O Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP, díxolle ó Sr. Rodríguez Lorenzo que podía recorrer o que quixera, pero que as propostas de bonificacións deberon ser feitas na comisión informativa para o seu estudo. Rematou dicindo que se estaba a discutir a suba de impostos e taxas no 2,2% e non de bonificacións facendo fincapé en que había que centrarse en eso.

O Sr. Rodríguez Lorenzo manifestou que ó equipo de goberno parece que só lle importa o 2,2%, pero debe terse en conta que a oposición ten a obriga de fiscalizar e controlar os expedientes.

A Sra. alcaldesa aclarou que se estaba a producir un erro no debate pois no ICIO non se podía subir o tipo porque xa está na cifra máxima permitida pola normativa. Rematou dicindo que o que se incrementaba no 2,2% era a cifra dos ingresos das familias para que se obtivera a bonificación do 50% por baixo deles.

A presidencia somete a votación o ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP) .

Votos en contra: 1 (Grupo Municipal Mixto).

Abstencións: 7 (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia e por maioría, aprobouse o ditame na forma antes transcrita.-----

67 : MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO. Polo Sr. secretario dáse lectura ó ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“”5) MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO. Trátase da modificación de dezanove ordenanzas con catro casuísticas distintas, taxas por utilización privativa do dominio público ou aproveitamento especial, taxas por prestación de servizos, impostos e un prezo público.

Na proposta da alcaldía as tarifas modificadas foron do 2,2% do IPC de xullo de 2006 a xullo de 2007.

Ós efectos dos estudos de custos relativos, ás ordenanzas que se modifican, tómanse como base os correspondentes do último ano modificado.

Constan en cada un dos expedientes a documentación necesaria, e de conformidade co artigo 47 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación das ordenanzas non precisa de maioría cualificada.

A presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal do PP e Sra. presidenta).

Votos en contra: 3 (Grupo Municipal do BNG).

Votos pola abstención: 3 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de tarifas:

Primeiro. Tarifa

1. Hoteis, hostais-residencia e similares por habitación.....	20,87 euros
2. Hoteis, hostais e similares con comedor por habitación.....	31,64 euros
3. Restaurantes instalados nos establecementos incluídos nos apartados 1 e 2.....	313,09 euros
4. Cafeterías, bares e similares instalados nos establecementos dos apartados 1 e 2.....	208,74 euros
5. Restaurantes, cafeterías e similares, con servizo aberto ó público, o ano.....	627,06 euros
6. Camping, por praza de tenda e roulotte ó ano.....	31,31 euros
7. Por cada vivenda, de carácter familiar, o ano	
- En zonas urbanas.....	91,33 euros
- En zonas rurais.....	40,88 euros
8. Comercios ó detalle, ó ano.....	80,75 euros
9. Moblerías, electrodomésticos, materiais de construción e floristerías.....	208,74 euros
10. Bares, tabernas e similares.....	313,09 euros
11. Froiterías e almacéns de froita.....	627,06 euros
12. Outros almacéns, depósitos, etc.....	62,62 euros
13. Establecementos de supermercados e grandes almacéns incluídos na sección 1ª, división 6ª, grupo 647 e epígrafe 647.2, 647.3 e 647.4 do Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.), según a seguinte escala:	
a) Establecementos de alimentación de máis de 400 m ²	4.181,51 euros
b) Establecementos de alimentación entre 200 e 399 m ²	1.358,46 euros
c) Establecementos de alimentación entre 100 e 199 m ²	784,47 euros
d) Establecementos de alimentación de menos de 100 m ²	627,06 euros
14. Tendas de alimentación de tipo familiar.....	313,09 euros
15. Bancos e caixas de aforro.....	681,40 euros
16. Salas de festas e discotecas:	
a) Salas de festas de máis de 1.000 m ²	2.090,76 euros
b) Discotecas ata 1.000 m ²	1.306,28 euros
17. Café bar especial ata 40 m ²	758,32 euros
Café bar especial de máis de 40 m ²	1.494,68 euros
18. Salas de cine e teatros.....	313,09 euros
19. Colexios, academias e demais centros de ensinanza:	
De ata 100 alumnos.....	104,36 euros
De 100 a 500 alumnos.....	208,74 euros
20. Cristalerías.....	208,74 euros
21. Garaxes e aparcamentos públicos.....	208,74 euros
22. Despachos profesionais, esten ou non incluídos na vivenda familiar, con independencia da taxa por vivenda.....	52,18 euros
23. Axencias, xestorías e oficinas administrativas en xeral.....	166,97 euros
24. Perruquerías de donas e/ou cabaleiros.....	166,97 euros
25. Talleres e gasoleiras.....	166,97 euros
26. Lavado e engraxe de vehículos.....	167,37 euros

Calquera comercio ou industria non especificada nesta ordenanza aplicaráselle a tarifa que lle sexa máis afín.

SEGUNDO: de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo exporase ó público no taboleiro de anuncios do concello, por un prazo mínimo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no BOP, e contará a partir do día seguinte a que teña lugar a publicación no mesmo, así como nun diario dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón provisional, de forma automática e entrará en vigor a partir do 01/01/08.””

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, manifestou que segundo os

estudos de custos xa hai un déficit de 12.000 euros no servizo de recollida de lixo. Engadiu que o problema desta taxa é a recadación da mesma, criticando ó ORAL pola xestión de cobros e dicindo que, a pesar de que o organismo da Deputación Provincial de Pontevedra percibe un 6% de porcentaxe na recadación voluntaria e un 20% na recadación executiva, non mellora a xestión.

Tamén dixo, que este problema parece que é xeralizado en varios concellos xa que a Deputación Provincial cobra “tarde, mal e a rastro”, aínda que non coñece realmente se isto se debe á deficiente elaboración dos padróns, ou á mala información que teñen sobre os contribuíntes os servizos municipais.

Preguntou polas xestións que realiza sobre estes temas a concelleira de economía engandido que, deixando ó marxe as diferenzas políticas, é unha persoa que lle cae “de marabilla”.

Rematou dicindo que é a primeira vez que tódolos membros do grupo de goberno gañan máis de 20.000 euros anuais e que con eses soldos hai que pedirle responsabilidades e traballo a calquera concelleiro/a do goberno municipal.

Despois de indicarlle a **Sra. alcaldesa** ó Sr. Rodríguez Lorenzo que se ciña á proposta de suba do 2,2%, **o concelleiro do Grupo Mixto** lembrou que en 2001 pagaba 6000 ptas. polo lixo mentres que para 2008 se propoñen nada menos que 91,33 euros e que iso era o preocupante. Tamén dixo que entende que SOGAMA cobre máis polo servizo pero que os petos dos veciños teñen dificultades para soportar unhas tarifas tan elevadas, e que para o exercicio próximo a Sra. alcaldesa debe reunir á mesa de voceiros para tratar estes temas.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, anunciou que o seu grupo ía cambiar a abstención expresada na comisión informativa por un voto negativo, xa que hai tres anos o lixo tivo unha suba do 52% nun só exercicio. Engadiu, que segundo o goberno municipal privatizouse o servizo para mellorar, pero que este non é marabilloso que digamos, e iso que hai propietarios de inmobles que só residen un mes ó ano en Sanxenxo. Rematou dicindo, que a recollida de lixo é unha taxa realmente cara neste municipio.

O **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, manifestou que recoñece que o Concello de Sanxenxo ten esta taxa máis baixa que outros concellos e non lle “doen prendas” en dicilo. Tamén dixo que este servizo non pode ser deficitario en Sanxenxo, porque hai moitas vivendas baleiras de segunda residencia que contribúen todo o ano aínda que só están ocupadas uns dous meses, con menos gastos pola eliminación de residuos.

Engadiu que o problema radica en que nos padróns non están tódalas vivendas, porque o ritmo de construción vai por diante dos datos do censo de contribuíntes, hai máis persoas que deben cotizar e así se equilibrarían os ingresos e os gastos.

Rematou reiterando que hai que mellorar o padrón do lixo, evitando déficits nesta recollida que non se deben producir, xa que non se trata dun servizo social.

O **Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, cualificou como de bo o servizo con ausencia de queixas e coa xente contenta en xeral, e salientou que a taxa de Sanxenxo está por

debaixo da de doutros concellos limítrofes. Insistiu en que dende 2001 o servizo é moito mellor con máis frecuencia na recollida e lavado periódico de contenedores. Rematou dicindo que se estaba a tratar de ser menos deficitario con traballos de actualización do padrón, aínda que había que entender que o custo do servizo tamén sube, poñendo o exemplo dos soldos dos traballadores da empresa concesionaria.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** insistiu na mala xestión en materia de cobros e que por iso hai desfases. Matizou que 12.000 euros de déficit é ter casi un servizo equilibrado pero criticou que, do ano anterior, haixa sen cobrar 458.000 euros e que iso é moi negativo. Rematou recomendando que se lle dea “un tirón de ourellas” ó ORAL.

Recoñeceu a **Sra. alcaldesa**, na súa intervención, que a xestión de cobros debe mellorar pero que o goberno municipal está a facer unha boa xestión en xeral. Indicou que, segundo o informe do Sr. interventor, ó servizo está ó borde do autofinanciamento e lembrou que, pola normativa, non pode haber beneficios. Anunciou unha próxima revisión do contrato coa empresa concesionaria do servizo, porque o actual ten varios anos, que agora hai máis vivendas e novas recollidas, e que así mellorará a recollida de lixo no seu conxunto.

A presidencia somete a votación o ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **9 (Grupo Municipal do PP)** .

Votos en contra: **7 (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo)** .

Abstencións: **1 (Grupo Municipal Mixto)** .

En consecuencia e por maioría, aprobouse o ditame na forma antes transcrita.-----

68 : MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS. Polo **Sr. secretario** dáse lectura ó ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“”6º) MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS. Trátase da modificación de dezanove ordenanzas con catro casuísticas distintas, taxas por utilización privativa do dominio público ou aproveitamento especial, taxas por prestación de servizos, impostos e un prezo público.

Na proposta da alcaldía as tarifas modificadas foron do 2,2% do IPC de xullo de 2006 a xullo de 2007.

Ós efectos dos estudos de custos relativos, ás ordenanzas que se modifican, tómanse como base os correspondentes do último ano modificado.

Constan en cada un dos expedientes a documentación necesaria, e de conformidade co artigo 47 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación das ordenanzas non precisa de maioría cualificada.

A presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **8 (Grupo Municipal do PP e Sra. presidenta).**

Votos pola **abstención: 6 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de tarifas:

Primeiro. Tarifa.

Aboados domésticos:

Mínimo: 30 m³/trimestre 0,3469 euros/m³
Excesos 0,3917 euros/m³

Aboados comerciais:

Mínimo: 30 m³/trimestre 0,3469 euros/m³
Excesos 0,3917 euros/m³

Aboados industriais:

Mínimo: 75 m³/trimestre 0,3917 euros/m³
Excesos 0,5029 euros/m³

Obras:

Mínimo: 120 m³/trimestre 0,5029 euros/m³
Excesos 0,6489 euros/m³

As tarifas incrementarase co I.V.E. correspondente a cada exercicio.

Altas de contrato:

En concepto de dereitos, a facer o seu pagamento no momento da sinatura do contrato, establécese o prezo de 91,98 euros.

Fianzas:

Nos contratos de subministros para obras e baixos ou industrias de temporada é preciso depositar, polo interesado, unha fianza de 158,78 euros. A mesma será devolta cando se tramite a baixa e sexan aboados os recibos pendentes.

Segundo. Outras normas especiais de xestión.

No caso de que sexa abonado dos servizos de abastecemento de auga e saneamento, emitirase un só recibo por abastecemento e saneamento a nome do titular do contrato de abastecemento, sexa individual ou comunidade de propietarios.

SEGUNDO: de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo exporase ó público no taboleiro de anuncios do concello, por un prazo mínimo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no BOP, e contará a partir do día seguinte a que teña lugar a publicación no mesmo, así como nun diario dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón provisional, de forma automática e entrará en vigor a partir do 01/01/08.””

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que nestas concesións a risco e ventura pouco se pode dicir; que hai que subirlle o IPC ó concesionario e non pode haber oposición a iso. Engadiu que o que podería discutirse era o contrato que foi, segundo a súa opinión, prorrogado sen necesidade.

A presidencia somete a votación o ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP) .

Abstencións: 8 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e por maioría, aprobouse o ditame na forma antes transcrita.-----

69 : MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS. Polo Sr. secretario dáse lectura ó ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“7º) MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS. Trátase da modificación de dezanove ordenanzas con catro casuísticas distintas, taxas por utilización privativa do dominio público ou aproveitamento especial, taxas por prestación de servizos, impostos e un prezo público.

Na proposta da alcaldía as tarifas modificadas foron do 2,2% do IPC de xullo de 2006 a xullo de 2007.

Ós efectos dos estudos de custos relativos, ás ordenanzas que se modifican, tómanse como base os correspondentes do último ano modificado.

Constan en cada un dos expedientes a documentación necesaria, e de conformidade co artigo 47 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación das ordenanzas non precisa de maioría cualificada.

A presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal do PP e Sra. presidenta).

Votos pola abstención: 6 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de tarifas:

Primeiro. Tarifa

1. Vivendas de carácter unifamiliar.....	13,487 euros/ano
2. Os hoteis, hostais, fondas e demais establecementos de hospedaxe, por cada habitación.....	3,387 euros/ano
3. Os cocedeiros de moluscos, depuradoras, fábricas de conservas e outras industrias que teñan grandes verquidos de augas residuais a rede de sumidoiros.....	1.123,419 euros/ano
4. Os colexios privados por cada alumno matriculado.....	0,190 euros/ano
5. Por cada local de negocio, industria ou comercio non incluído en outros apartados.....	16,204 euros/ano
6. Negocios relacionados coa hostelería non incluídos no segundo apartado.....	44,955 euros/ano

NOTA: Os hoteis que teñan restaurante ou cafetería aberta ó público en xeral, deberán cotizar polos apartados 2 e 6.

7. Lavado e engraxe de vehículos, estacións de servizo e talleres mecánicos.....	107,890 euros/ano
--	-------------------

8. Por dereitos de conexión á rede xeral de sumidoiros farase un pagamento por cada vivenda ou local dos mencionados nas tarifas de unha cota única de 91,98 euros.

Segundo. Outras normas especiais de xestión

- a) Os importes relacionados nos apartados anteriores serán facturados en períodos trimestrais (25 % en cada trimestre)
- b) No caso de que sexa aboado dos servizos de abastecemento de auga e saneamento, emitirase un solo recibo por abastecemento e saneamento a nome do titular do contrato de abastecemento, sexa individual ou comunidade de propietarios.

SEGUNDO: de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo exporase ó público no taboleiro de anuncios do concello, por un prazo mínimo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no BOP, e contará a partir do día seguinte a que teña lugar a publicación no mesmo, así como nun diario dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón provisional, de forma automática e entrará en vigor a partir do 01/01/08.””

Despois de aclararse unha dúbida plantexada polo **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, en canto ós períodos trimestrais das tarifas pasouse directamente á votación do ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP) .

Abstencións: 8 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e por maioría, aprobouse o ditame na forma antes transcrita.-----

70 : MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. Polo **Sr. secretario** dáse lectura do ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“”8º) **MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.** Trátase da modificación de dezanove ordenanzas con catro casuísticas distintas, taxas por utilización privativa do dominio público ou aproveitamento especial, taxas por prestación de servizos, impostos e un prezo público.

Na proposta da alcaldía as tarifas modificadas foron do 2,2% do IPC de xullo de 2006 a xullo de 2007.

Ós efectos dos estudos de custos relativos, ás ordenanzas que se modifican, tómanse como base os correspondentes do último ano modificado.

Constan en cada un dos expedientes a documentación necesaria, e de conformidade co artigo 47 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación das ordenanzas non precisa de maioría cualificada.

A presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal do PP e Sra. presidenta).

Votos pola abstención: 6 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de tarifas:

Primeiro. Tarifa

De acordo co artigo 5º da ordenanza as tarifas son as seguintes:
Facturación por metros cúbicos consumidos e cota fixa mensual

a) Aboados con contador e servizo de abastecemento de auga.

Cota fixa mensual

- Uso doméstico 2,628 euros/mes
- Uso comercial 2,628 euros/mes
- Uso industrial, hostalería, obras e outros..... 4,506 euros/mes

Por consumo (por cada m³ rexistrado no contador do aboado)

- Uso doméstico 0,168 euros/m³
- Uso comercial 0,168 euros/m³
- Uso industrial hostalería, obras e outros..... 0,168 euros/m³

b) Abonados sen contador ou sen servizo municipal de abastecemento de auga.

- Uso doméstico 14,303 euros/trim.
- Uso comercial 14,303 euros/trim.
- Uso industrial hostalería, obras e outros..... 40,917 euros/trim.

Industrias con grandes caudais vertidos á rede:

Aquelas industrias que para o seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan na rede de sumidoiros un caudal moi superior ó consumido da rede municipal, instalarán, o seu cargo, aparatos para a medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre a empresa e o concesionario do servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido, a efectos de facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:

- Cota fixa mensual..... 4,506 euros/mes
- Cada m³ vertido(medido ou aforado).....0,168 euros/m³

As tarifas indicadas incrementaranse co I.V.E. correspondente a cada exercicio.

SEGUNDO: de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo exporase ó público no taboleiro de anuncios do concello, por un prazo mínimo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no BOP, e contará a partir do día seguinte a que teña lugar a publicación no mesmo, así como nun diario dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón provisional, de forma automática e entrará en vigor a partir do 01/01/08.””

Tampouco houbo debate neste punto. Tan só o **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, quixo felicitar a parte do persoal da empresa concesionaria “Espina & Delfín, S.L.” polo gran traballo realizado no verán no subministro de auga.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que nos destinatarios da felicitación, entendía que estaba incluíndo ó concelleiro socialista, Sr. Puente Lores, traballador do servizo.

A presidencia somete a votación o ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP) .

Abstencións: 8 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e por maioría, aprobouse o ditame na forma antes transcrita.-----

71 : MODIFICACIÓN ORDENANZA DA TAXA POR DOCUMENTOS QUE EXPIDAN OU QUE ENTENDAN O CONCELLO OU AS AUTORIDADES LOCAIS, A INSTANCIA DE PARTE. Polo Sr. secretario dáse lectura do ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“”9º) MODIFICACIÓN ORDENANZA DA TAXA POR DOCUMENTOS QUE EXPIDAN OU QUE ENTENDAN O CONCELLO OU AS AUTORIDADES LOCAIS, A INSTANCIA DE PARTE. Trátase da modificación de dezanove ordenanzas con catro casuísticas distintas, taxas por utilización privativa do dominio público ou aproveitamento especial, taxas por prestación de servizos, impostos e un prezo público.

Na proposta da alcaldía as tarifas modificadas foron do 2,2% do IPC de xullo de 2006 a xullo de 2007.

Os efectos dos estudos de custos relativos, ás ordenanzas que se modifican, tómanse como base os correspondentes do último ano modificado.

Constan en cada un dos expedientes a documentación necesaria, e de conformidade co artigo 47 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación das ordenanzas non precisa de maioría cualificada.

A presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **8 (Grupo Municipal do PP e Sra. presidenta).**

Votos en contra: **3 (Grupo Municipal do BNG).**

Votos pola abstención: **3 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de tarifas:

Primeiro. Tarifa

Por tramitación de expedientes de aproveitamento especial do dominio público.....	21,74 euros
Por cada expediente de petición de declaración de ruína de edificios.....	11,47 euros
Por documentos distintos dos anteriores	0,41 euros
Por emisión de informe a instancia de parte	36,24 euros
Por certificación de aproveitamento urbanístico e similares.....	36,24 euros
Por cada certificación expedida pola Alcaldía, Secretaría do Concello ou outro funcionario municipal a quen competa, relativos a documentos ou datos referidos ó último quinquenio	4,00 euros
Por cada certificación referida a tempo anterior ó último quinquenio devengarase un aumento por cada quinquenio atrasado de	0,86 euros
Por expedicións de certificacións, a instancia de parte interesada, sobre datos obrantes no padrón do imposto sobre bens inmobles (de natureza rústica ou urbana), por documento expedido.....	4,00 euros
Por documento de expediente oficial en fotocopia	0,10 euros
Exemplares orzamento ou ordenanzas, por número de fotocopias, cun mínimo de	4,00 euros
Expedición de informes relativos a accidentes de circulación	

realizados pola Policía Local.....	88,29 euros
Por tramitación de expedientes ante outras administracións públicas a instancia de parte.....	108,72 euros
Por tramitación de expedientes, a instancia de parte, non incluídos en apartados anteriores	21,77 euros
Por compulsas de documentos para outras administracións públicas, cada folla.....	0,22 euros

SEGUNDO: de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo exporase ó público no taboleiro de anuncios do concello, por un prazo mínimo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no BOP, e contará a partir do día seguinte a que teña lugar a publicación no mesmo, así como nun diario dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón provisional, de forma automática e entrará en vigor a partir do 01/01/08.””

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que no estudo de custos reflíctese que houbo un déficit de 113.000 euros neste servizo, pregando á presidencia que se tomen medidas para evitar perdas tan importantes. Engadiu que os servizos deben autofinanciarse parecéndolle ridículas as cifras de ingresos (citou que só foran 35.000 euros).

A **Sra. alcaldesa** manifestou que é certo que o servizo é deficitario pero que hai que ter en conta que no concello expídense moitos documentos de balde xa que teñen carácter social ou de colaboración con outras institucións (servizos sociais, policía local, aseguradoras, etc.). Considerou suficiente o incremento da taxa no 2,2% porque, precisamente, un concello con recursos debe cubrir estas necesidades, fundamentalmente as de carácter social.

A presidencia somete a votación o ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 9 (Grupo Municipal do PP) .**

Votos en **contra: 4 (Grupo Municipal do BNG)**

Abstencións: 4 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e por maioría, aprobouse o ditame na forma antes transcrita.-----

72 : MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PUBLICO MUNICIPAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN REFUGALLOS, VALADOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS. Polo **Sr. secretario** dáse lectura do ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“”10º) **MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PUBLICO MUNICIPAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN REFUGALLOS, VALADOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.** Trátase da modificación de dezanove ordenanzas con catro casuísticas distintas, taxas por utilización privativa do dominio público ou aproveitamento especial, taxas por prestación de servizos, impostos e un prezo público.

Na proposta da alcaldía as tarifas modificadas foron do 2,2% do IPC de xullo de 2006 a xullo de 2007.

Ós efectos dos estudos de custos relativos, ás ordenanzas que se modifican, tómanse como base os correspondentes do último ano modificado.

Constan en cada un dos expedientes a documentación necesaria, e de conformidade co artigo 47 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación das ordenanzas non precisa de maioría cualificada.

O **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, propón que como na rúa Progreso da vila de Sanxenxo estanse a realizar varias obras de construción de vivendas, debíase incluír a mesma na zona A, prestando a conformidade os demais membros da comisión, que quedaría redactada da seguinte maneira:

Zona A: Paseo praia de Silgar e zona portuaria de Sanxenxo, incluíndo a rúa dos Barcos así como a rúa Progreso de Sanxenxo. Quedando as demais zonas como figuran no anexo da ordenanza.

A presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **8 (Grupo Municipal do PP e Sra. presidenta).**

Votos pola abstención: **6 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de tarifas:

Primeiro. Tarifa

Tarifa: Coeficiente de utilidade 1

A	0,84 euros/m ² /día
B	0,34 euros/m ² /día
C	0,32 euros/m ² /día
D	0,25 euros/m ² /día
E	0,24 euros/m ² /día

Mínimo a pagar: 1,10 euro/día

Para grúas de construción aplicase un coeficiente de utilidade 4

A	3,35 euros/m ² /día
B	1,35 euros/m ² /día
C	1,27 euros/m ² /día
D	0,98 euros/m ² /día
E	0,94 euros/m ² /día

Por ocupación con camións-grúa, camións-bomba, grúas autoelevadoras, etc. aplicarase unha tarifa de 33,02 euros/día ou fracción

Zona A: Paseo Praia de Silgar e zona portuaria de Sanxenxo, incluíndo a Rúa dos Barcos así como a rúa Progreso de Sanxenxo.

Zona B: Inclúe o resto do casco urbano de Sanxenxo e o da vila de Portonovo

Zona C: Inclúe os cascos urbanos de Vilalonga, Noalla e A Granxa

Zona D: Inclúe os demais núcleos do municipio

Zona E: Inclúe a zona rural do municipio

SEGUNDO: de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo exporase ó público no taboleiro de anuncios do concello, por un prazo mínimo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no BOP, e contará a partir do día seguinte a que teña lugar a publicación no mesmo, así como nun diario dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón provisional, de forma automática e entrará en vigor a partir do 01/01/08.””

O **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, preguntou sobre a súa proposta na sesión da comisión informativa de incluír a rúa Progreso dentro da zona A para fixar os coeficientes de utilidade.

Pola **presidencia** contestouse que sí se había tido en conta a proposta do Sr. Fernández Lores, aclarando éste que formulou a petición porque na rúa Progreso hai frecuentes ocupacións de vía pública dende sempre, non porque as haxa nestes intres como parece desprenderse do acta da comisión informativa.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, fixo varias matizacións respecto aos coeficientes de situación e de utilidade facendo fincapé en que se aprecian erros no expediente que provocan as súas dúbidas.

O **Sr. interventor** afirmou que non había erros e explicou a división zonal, e os coeficientes de situación e de utilidade. Matizou que puido haber maior claridade expresiva no estudo de custos pero descartou que houbera erros.

A presidencia somete a votación o ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 9 (Grupo Municipal do PP)** .

Abstencións: 8 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e por maioría, aprobouse o ditame na forma antes transcrita.-----

73 : MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PUBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA.

Polo **Sr. secretario** dáse lectura do ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“11º) MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PUBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA. Trátase da modificación de dezanove ordenanzas con catro casuísticas distintas, taxas por utilización privativa do dominio público ou aproveitamento especial, taxas por prestación de servizos, impostos e un prezo público.

Na proposta da alcaldía as tarifas modificadas foron do 2,2% do IPC de xullo de 2006 a xullo de 2007.

Os efectos dos estudos de custos relativos, ás ordenanzas que se modifican, tómanse como base os correspondentes do último ano modificado.

Constan en cada un dos expedientes a documentación necesaria, e de conformidade co artigo 47 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación das ordenanzas non precisa de maioría cualificada.

A presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 8 (Grupo Municipal do PP e Sra. presidenta).**

Votos pola **abstención: 6 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de tarifas:

Primeiro. Tarifa

Tarifa: Coeficiente de utilidade 6

Zona A 3,35 euros/4 m²/día
Zona B 1,91 euros/4 m²/día
Zona C 1,89 euros/4 m²/día
Zona D 1,50 euros/4 m²/día
Zona E 1,33 euros/4 m²/día

Para o caso particular de mesas e cadeiras a tarifa será:

Zona A 335 euros/4 m²/ano
Zona B 191 euros/4 m²/ano
Zona C 189 euros/4 m²/ano
Zona D 147 euros/4 m²/ano
Zona E 133 euros/4 m²/ano

Zona A: Paseo Praia de Silgar e zona portuaria de Sanxenxo, incluíndo a Rúa dos Barcos, e rúa Rafael Picó en Portonovo.

Zona B: Inclúe o resto do casco urbano de Sanxenxo e da vila de Portonovo

Zona C: Inclúe os cascos urbanos de Vilalonga, Noalla e A Granxa

Zona D: Inclúe os demais núcleos do municipio

Zona E: Inclúe a zona rural do municipio

1º. No caso de mesas e cadeiras a cota a aplicar é anual, non sendo posible a división en tramos.

2º. Para mesas e cadeiras, en casos excepcionais, por eventos singulares, poderase facer unha solicitude que o órgano competente resolverá.

3º. A tarifa comprende un espazo de ocupación de 4 m², ou ben, para o suposto de mesas e cadeiras, unha mesa e catro cadeiras. Cada cadeira singular, en exceso, aplicaráselle a tarifa que corresponda dividida entre 10.

SEGUNDO: de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo exporase ó público no taboleiro de anuncios do concello, por un prazo mínimo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no BOP, e contará a partir do día seguinte a que teña lugar a publicación no mesmo, así como nun diario dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón provisional, de forma automática e entrará en vigor a partir do 01/01/08.””

Tras afirmar o **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, que dende sempre estivo en contra da venda ambulante, pasouse directamente a votación.

A presidencia somete a votación o ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 9 (Grupo Municipal do PP) .**

Abstencións: 8 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e por maioría, aprobouse o ditame na forma antes transcrita.-----

74 : MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA. Polo Sr. secretario dáse lectura do ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“**12º) MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA.** Trátase da modificación de dezanove ordenanzas con catro casuísticas distintas, taxas por utilización privativa do dominio público ou aproveitamento especial, taxas por prestación de servizos, impostos e un prezo público.

Na proposta da alcaldía as tarifas modificadas foron do 2,2% do IPC de xullo de 2006 a xullo de 2007.

Ós efectos dos estudos de custos relativos, ás ordenanzas que se modifican, tómanse como base os correspondentes do último ano modificado.

Constan en cada un dos expedientes a documentación necesaria, e de conformidade co artigo 47 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación das ordenanzas non precisa de maioría cualificada.

A presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **8 (Grupo Municipal do PP e Sra. presidenta).**

Votos pola abstención: **6 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de tarifas:

Primeiro. Tarifa

Tarifa: Coeficiente de utilidade 9

Zona A 3,77 euros/m²/día

Zona B 3,07 euros/m²/día

Zona C 2,84 euros/m²/día

Zona D 2,25 euros/m²/día

Zona E 2,04 euros/m²/día

Zona A: Paseo Praia de Silgar e zona portuaria de Sanxenxo, incluíndo a Rúa dos Barcos.

Zona B: Inclúe o resto do casco urbano de Sanxenxo e o da vila de Portonovo.

Zona C: Inclúe os cascos urbanos de Vilalonga, Noalla e A Granxa.

Zona D: Inclúe os demais núcleos do municipio.

Zona E: Inclúe a zona rural do municipio.

1º. As presentes tarifas aplicaranse ata 10 m², os excesos ata 20 m² suporán a multiplicación da tarifa aplicable polo coeficiente multiplicador 1,50, os excesos de máis de 20 m² suporán a multiplicación da tarifa polo coeficiente multiplicador 1,25.

2º. A instalación por un ano enteiro terá unha redución do 35%, por un semestre unha redución dun 30% e por un cuatrimestre unha redución dun 25%.

3º. Os quioscos axustaranse na súa forma e condicións ás normas que teña fixadas o concello.

SEGUNDO: de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo exporase ó público no taboleiro de anuncios do concello, por un prazo mínimo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no BOP, e contará a partir do día seguinte a que teña lugar a publicación no mesmo, así como nun diario dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón provisional, de forma automática e entrará en vigor a partir do 01/01/08.””

Non se produce debate e a presidencia somete a votación o ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP) .

Abstencións: 8 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e por maioría, aprobouse o ditame na forma antes transcrita.-----

75 : MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓN OU RECREO, SITUADOS EN TERREO DE USO PÚBLICO MUNICIPAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA. Polo Sr. secretario dáse lectura do ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“”13º) MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓN OU RECREO, SITUADOS EN TERREO DE USO PÚBLICO MUNICIPAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA. Trátase da modificación de dezanove ordenanzas con catro casuísticas distintas, taxas por utilización privativa do dominio público ou aproveitamento especial, taxas por prestación de servizos, impostos e un prezo público.

Na proposta da alcaldía as tarifas modificadas foron do 2,2% do IPC de xullo de 2006 a xullo de 2007.

Os efectos dos estudos de custos relativos, ás ordenanzas que se modifican, tómanse como base os correspondentes do último ano modificado.

Constan en cada un dos expedientes a documentación necesaria, e de conformidade co artigo 47 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación das ordenanzas non precisa de maioría cualificada.

A presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal do PP e Sra. presidenta).

Votos pola abstención: 6 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de tarifas:

Primeiro. Tarifa

Tarifa: Coeficiente de utilidade 3

Zona A 2,93 euros/m²/día

Zona B 1,02 euros/m²/día

Zona C 0,95 euros/m²/día
Zona D 0,75 euros/m²/día
Zona E 0,68 euros/m²/día

Zona A: Paseo Praia de Silgar e zona portuaria de Sanxenxo, incluíndo a Rúa dos Barcos e rúa Rafael Picó, en Portonovo.

Zona B: Inclúe o resto do casco urbano de Sanxenxo e o da vila de Portonovo

Zona C: Inclúe os cascos urbanos de Vilalonga, Noalla e A Granxa

Zona D: Inclúe os demais núcleos do municipio

Zona E: Inclúe a zona rural do municipio

1º. Pola instalación de circos, barracas ou calesquera outro espectáculo as tarifas multiplicaranse por 2.

TAXA PARA OS POSTOS DO MERCADILLO

Para postos cun fondo igual ou inferior a 3 m:

Mercadillo dos luns: 3,26 €/m.l./mes

Mercadillo dos xoves: 3,26 €/m.l./mes

NOTA: O impago dun recibo durante máis dun mes poderá ser causa de revogación da autorización (art. 9.3.h. da O.M.R. da venda ambulante). Os recibos pasaranse ó cobro dentro dos 15 primeiros días do mes correspondente.

SEGUNDO: de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo exporase ó público no taboleiro de anuncios do concello, por un prazo mínimo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no BOP, e contará a partir do día seguinte a que teña lugar a publicación no mesmo, así como nun diario dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón provisional, de forma automática e entrará en vigor a partir do 01/01/08.””

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que é un atraso tremendo que as taxas polo mercadillo se cobren cada mes. Considerou que isto provoca un “atracción” de traballo aos empregados municipais e que debería aboarse a taxa por períodos de tempo moi superiores.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que se está a traballar na modificación de moitos regulamentos para optimizar os recursos e mellorar o funcionamento da institución.

A presidencia somete a votación o ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP) .

Abstencións: 8 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e por maioría, aprobouse o ditame na forma antes transcrita.-----

76 : MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE. Polo Sr. secretario dáse lectura do ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“14º) MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE. Trátase da modificación de dezanove ordenanzas con catro casuísticas distintas, taxas por utilización privativa do dominio público ou aproveitamento especial, taxas por prestación de servizos, impostos e un prezo público.

Na proposta da alcaldía as tarifas modificadas foron do 2,2% do IPC de xullo de 2006 a xullo de 2007.

Os efectos dos estudos de custos relativos, ás ordenanzas que se modifican, tómanse como base os correspondentes do último ano modificado.

Constan en cada un dos expedientes a documentación necesaria, e de conformidade co artigo 47 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación das ordenanzas non precisa de maioría cualificada.

polo Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG, solicítalle a Sra. alcaldesa se é posible coñecer, antes da realización da sesión plenaria, o importe dos cargos dos anos 2005 e 2006 desta taxa así como a súa recadación.

A Sra. alcaldesa solicítalle ó Sr. secretario que se lle entregue a documentación solicitada.

A presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal do PP e Sra. presidenta).

Votos pola abstención: 6 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, proponse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de tarifas:

1) Coeficiente corrector singular:

a) Garaxes públicos ou establecementos industriais ou comerciais

Zona A 53,46 euros/m/ano
Zona B 43,45 euros/m/ano
Zona C 40,34 euros/m/ano
Zona D 31,96 euros/m/ano
Zona E 29,01 euros/m/ano

b) Garaxes de uso particular de 1 a 3 prazas

Zona A 38,19 euros/m/ano
Zona B 24,82 euros/m/ano
Zona C 23,06 euros/m/ano
Zona D 18,26 euros/m/ano
Zona E 16,99 euros/m/ano

c) Garaxes de uso particular de 4 a 6 prazas

Zona A 38,19 euros/m/ano
Zona B 31,04 euros/m/ano

Zona C 28,82 euros/m/ano
Zona D 22,83 euros/m/ano
Zona E 20,73 euros/m/ano

d) Garaxes de uso particular de 7 a 25 prazas

Zona A 45,83 euros/m/ano
Zona B 37,24 euros/m/ano
Zona C 34,58 euros/m/ano
Zona D 27,40 euros/m/ano
Zona E 24,87 euros/m/ano

e) Garaxes de uso particular de 26 a 50 prazas

Zona A 53,46 euros/m/ano
Zona B 43,45 euros/m/ano
Zona C 40,35 euros/m/ano
Zona D 31,96 euros/m/ano
Zona E 29,01 euros/m/ano

f) Garaxes de uso particular de 51 ou máis prazas

De 51 a 75 prazas serán as tarifas apartado f) x 2
De 76 a 100 prazas serán as tarifas apartado f) x 3
De 101 a 125 prazas serán as tarifas apartado f) x 4 ... e así sucesivamente

g) Reserva de aparcamento exclusivo de carga e descarga (máximo 4 horas/día)

Zona A 22,91 euros/m/ano
Zona B 18,62 euros/m/ano
Zona C 17,29 euros/m/ano
Zona D 13,69 euros/m/ano
Zona E 12,44 euros/m/ano

Zona A: Paseo Praia de Silgar e zona portuaria de Sanxenxo, incluíndo a Rúa dos Barcos.
Zona B: Inclúe o resto do casco urbano de Sanxenxo e o da vila de Portonovo
Zona C: Inclúe os cascos urbanos de Vilalonga, Noalla e A Granxa
Zona D: Inclúe os demais núcleos do municipio
Zona E: Inclúe a zona rural do municipio

SEGUNDO: de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo exporase ó público no taboleiro de anuncios do concello, por un prazo mínimo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no BOP, e contará a partir do día seguinte a que teña lugar a publicación no mesmo, así como nun diario dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón provisional, de forma automática e entrará en vigor a partir do 01/01/08.””

O Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG, manifestou que lle foi entregada a certificación que había solicitado na comisión informativa sobre os cargos dos anos 2005 e 2006 desta taxa así como os datos da súa recadación. Engadiu que, polas cifras, se aprecia un incremento importante de vaos permanentes que contribúen, e que está conforme con dito incremento.

A presidencia somete a votación o ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP) .

Abstencións: 8 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e por maioría, aprobouse o ditame na forma antes transcrita.-----

77 : MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS. Polo Sr. secretario dáse lectura do ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“15) MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS. Trátase da modificación de dezanove ordenanzas con catro casuísticas distintas, taxas por utilización privativa do dominio público ou aproveitamento especial, taxas por prestación de servizos, impostos e un prezo público.

Na proposta da alcaldía as tarifas modificadas foron do 2,2% do IPC de xullo de 2006 a xullo de 2007.

Os efectos dos estudos de custos relativos, ás ordenanzas que se modifican, tómanse como base os correspondentes do último ano modificado.

Constan en cada un dos expedientes a documentación necesaria, e de conformidade co artigo 47 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación das ordenanzas non precisa de maioría cualificada.

A presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal do PP e Sra. presidenta).

Votos pola abstención: 6 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, proponse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de tarifas:

Primeiro. Tarifa

Importe do orzamento do proxecto a realizar con un mínimo de 19,82 euros.0,50 %

O tipo de gravamen aplicable no caso de licenza de primeira ocupación, será do 0,50% do orzamento de execución ou base imponible do I.C.I.O.

SEGUNDO: de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo exporase ó público no taboleiro de anuncios do concello, por un prazo mínimo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no BOP, e contará a partir do día seguinte a que teña lugar a publicación no mesmo, así como nun diario dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón provisional, de forma automática e entrará en vigor a partir do 01/01/08.””

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, manifestou que por este concepto das licenzas urbanísticas, hai 723.000 euros de ingresos, pero hai 818.000 euros de gastos, cun déficit de 94.000 euros. Considerou moi importante esta perda instando á concelleira de economía para que se corrixan estos déficits.

Tamén dixo, que hai un erro no estudo de custos á hora de imputar parte dos gastos ós servizos de intervención no apartado dos salarios do persoal e no material de oficina. Considerou que estas cousas ocorren porque non se dedicou tempo ó estudo.

O **Sr. interventor** recoñeceu que poder haber erros aritméticos, que sempre se van corrixir, pero aclarou que nos estudos de custos os apartados de gastos son difíciles de cuantificar por funcións. Recalcou que hai que entender estas imputacións por funcións como aproximados, xa que as porcentaxes en gran parte son teóricas e non exactas. Recoñeceu que o Sr. Rodríguez Lorenzo ten razón, pois houbo un erro ó trasladar nas columnas os gastos de material de oficina.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que non discute as porcentaxes do estudo, senón o erro, pregando que se corrixa para que non haxa reclamacións.

O **Sr. interventor** manifestou que o erro aritmético non inflúe para nada na legalidade do acordo, recalcando que o grave sería que coa taxa se obtiveran beneficios que é algo que prohibe a lexislación de facendas locais.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** agradeceu ó Sr. interventor que soubera recoñecer o erro e volveu a insistir en que Sanxenxo por moi “rico” que sexa non pode permitirse estes déficits. Rematou dicindo que as cifras hai que corrixilas dende dentro, porque as licenzas van a menos e o “boom” do PXOM vaixe.

A **Sra. alcaldesa** manifestoulle ó concelleiro do Grupo Mixto que ela “non ten unha bola de cristal” para adiviñar o futuro.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** anunciou que como se siga así, o equipo de goberno que veña no futuro para Sanxenxo non lle quedaría máis remedio que solicitar unha revisión catastral.

O **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, anunciou que o seu grupo ía a cambiar o voto emitido na comisión optando polo voto en contra, pois aínda que se aumentase a taxa debería haber máis bonificacións como se expuso tamén cando se debateu o ICIO.

A presidencia somete a votación o ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP) .

Votos en contra: 4 (Grupo Municipal do BNG) .

Abstencións: 4 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e por maioría, aprobouse o ditame na forma antes transcrita.-----

78 : MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE APERTURA. Polo **Sr. secretario** dáse lectura do ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“16º) MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE APERTURA. Trátase da modificación de dezanove ordenanzas con catro casuísticas distintas, taxas por utilización privativa do dominio público ou aproveitamento especial, taxas por prestación de servizos, impostos e un prezo público.

Na proposta da alcaldía as tarifas modificadas foron do 2,2% do IPC de xullo de 2006 a xullo de 2007.

Os efectos dos estudos de custos relativos, ás ordenanzas que se modifican, tómanse como base os correspondentes do último ano modificado.

Constan en cada un dos expedientes a documentación necesaria, e de conformidade co artigo 47 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación das ordenanzas non precisa de maioría cualificada.

A presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **8 (Grupo Municipal do PP e Sra. presidenta).**

Votos en contra: **3 (Grupo Municipal do BNG).**

Votos pola abstención: **3 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de tarifas:

Primeiro. Tarifa

A) Supermercados ou hipermercados:

De menos de 120 m ²	340,92 euros
De 121 a 300 m ²	570,25 euros
De 301 a 500 m ²	738,66 euros
De 501 a 700 m ²	1.022,76 euros
De 701 a 1000 m ²	1.477,32 euros
De máis de 1000 m ² , cóbranse 1.477,32 euros máis 5,50 euros por cada metro cadrado que sobrepase os 1000 m ² .	

Enténdese por supermercado ou hipermercado o establecemento comercial que venda directamente ó público, polo sistema de autoservizo e posterior pagamento en caixa, produtos que sexan encadrables en máis de dúas categorías, por exemplo, alimentación, droguería, téxtil, papelería, electricidade, etc.

B) Cooperativas 340,92 euros

C) Economatos 340,92 euros

D) Tendas de produtos de alimentación en xeral..... 340,92 euros

E) Carnicerías 227,27 euros

F) Panaderías 227,27 euros

G) Pastelerías 227,27 euros

H) Froiterías 227,27 euros

I) Peixerías 227,27 euros

J) Outros establecementos de alimentación que constitúan actividades molestas 284,10 euros

K) Outros establecementos de alimentación que non constitúan actividades molestas 227,27 euros

L) Tendas de produtos textís e calzado, confección, tecidos

ou mercerías.....227,27 euros

M) Tendas de produtos de droguería, ferraxería, electrodomésticos, tendas de cristais ou cristalerías, xogueterías, xoierías, librerías, papelerías e demais establecementos comerciais

Se non constitúen actividade clasificada..... 227,27 euros

Se constitúen actividade clasificada..... 284,10 euros

Cando as superficies excedan de 200 m² engadirase unha cota adicional de 27,48 euros por cada 50 m² ou fracción.

N) Pequenos establecementos comerciais como talleres de costura, perruquerías, sastrerías, zapaterías, salóns de beleza, carpinterías de madeira ou metal, venda e transformación de materiais de construción e similares,

Se non constitúen actividade clasificada.....227,27 euros

Se constitúen actividade clasificada340,92 euros

Cando as superficies excedan de 200 m² engadirase unha cota adicional de 27,48 euros por cada 50 m² ou fracción.

Ñ) Para calquera outro establecemento comercial non reflectido nos apartados anteriores,

Se non é actividade clasificada.....227,27 euros

Se constitúe actividade clasificada284,10 euros

Cando as superficies excedan de 200 m² engadirase unha cota adicional de 27,48 euros por cada 50 m² ou fracción.

O) Gasolineiras.....795,47 euros

P) Lavado e engraxe de vehículos, taller de electricidade do automóbil, mecánica do automóbil, reparación e mantemento de buques, reparación de maquinaria e vehículos agrícolas ou industriais e similares,454,55 euros

Cando as superficies excedan de 200 m² engadirase unha cota adicional de 27,48 euros por cada 50 m² ou fracción.

Q) Bancos, axencias de seguros, farmacias, centros recreativos e de ensino privados, axencias inmobiliarias, clínicas médicas, autoescolas, ximnasia, videoclubes, establecementos de cibernetica, salas de xogo, clínicas veterinarias, ópticas e similares,

Se non constitúen actividade clasificada.....397,74 euros

Se constitúe actividade clasificada454,55 euros

Cando as superficies excedan de 150 m² engadirase unha cota adicional de 27,48 euros por cada 50 m² ou fracción.

R) Os establecementos de hostalería, aloxamento, recreación e espectáculos.....

397,74 euros

Se a capacidade excede de 150 persoas engadirase unha cota adicional de 27,48 euros por cada tramo de capacidade a maiores de 25 persoas ou fracción.

(A estes efectos considerarase capacidade as camas de hospedaxe, cadeiras para os establecementos de restauración e espectáculos, e, subsidiariamente, para superficies non limitables por cadeira se considerará un aforo de 2 persoas por metro cadrado útil (pistas de baile, zonas de acampada e similares).

S) Todo xénero de establecementos fabrís,

Se non constitúen actividade clasificada.....568,20 euros

Se constitúen actividade clasificada795,47 euros

Cando as superficies excedan de 750 m² engadirase unha cota adicional de 27,48 euros por cada 100 m² ou fracción.

T) Depósitos e almacéns de todo tipo,

Se non constitúen actividade clasificada.....568,20 euros

Se constitúen actividade clasificada795,47 euros

Cando as superficies excedan de 750 m² engadirase unha cota adicional de 27,48 euros por cada 100 m² ou fracción.

U) Granxas de animais destinados á comercialización ou transformación de calquera xénero, matadoiros, frigoríficos industriais e similares,

Se non constitúen actividade clasificada.....568,20 euros

Se constitúen actividade clasificada795,47 euros

Cando as superficies excedan de 750 m² engadirase unha cota adicional de 27,48 euros por cada 100 m² ou fracción.

V) Locais non incluídos en ningún apartado anterior,

Se non é actividade clasificada.....227,27 euros

Se constitúen actividade clasificada284,10 euros

Cando as superficies excedan de 200 m² engadirase unha cota adicional de 27,48 euros por cada 50 m² ou fracción.

W) Depósitos de gas propano ou similares.....284,10 euros

NOTA: Cando os establecementos vaian a desenrolar varias actividades tomarase como a de referencia só a principal. Exemplo: Unha gasolinera ou estación de servizo que teña servizo de lavado de vehículos ou tenda, só se lle aplicará a tarifa propia de gasolinera.

SEGUNDO: de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo exporase ó público no taboleiro de anuncios do concello, por un prazo mínimo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no BOP, e contará a partir do día seguinte a que teña lugar a publicación no mesmo, así como nun diario dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón provisional, de forma automática e entrará en vigor a partir do 01/01/08.””

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, expuso que tamén hai déficit nesta materia da taxa das licenzas de apertura.

O **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, considerou que esta taxa debía estar zonificada pois non debería ter a mesma cota unha mercería no Paseo Praia de Silgar que outra situada, por exemplo, en Rouxique. Engadiu que xa o plantexou noutras ocasións e o alcalde anterior, Sr. Martín González, dixéralle que o ía a estudar con agarimo, pero que en realidade non fixo nada.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que tamén ía a estudar a proposta con agarimo, pero que esperaba ter unha solución no próximo exercicio.

A presidencia somete a votación o ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **9 (Grupo Municipal do PP)** .

Votos en contra: **4 (Grupo Municipal do BNG)** .

Abstencións: **4 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto)**.

En consecuencia e por maioría, aprobouse o ditame na forma antes transcrita.-----

79 : MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR USO DA PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ANEXAS. Polo **Sr. secretario** dáse lectura do ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“”17º) **MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR USO DA PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ANEXAS.** Trátase da modificación de dezanove ordenanzas con catro casuísticas distintas, taxas por utilización privativa do dominio público ou aproveitamento especial, taxas por prestación de servizos, impostos e un prezo público.

Na proposta da alcaldía as tarifas modificadas foron do 2,2% do IPC de xullo de 2006 a xullo de 2007.

Os efectos dos estudos de custos relativos, ás ordenanzas que se modifican, tómanse como base os correspondentes do último ano modificado.

Constan en cada un dos expedientes a documentación necesaria, e de conformidade co artigo 47 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación das ordenanzas non precisa de maioría cualificada.

A presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **8 (Grupo Municipal do PP e Sra. presidenta).**

Votos pola abstención: **6 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de tarifas:

Tarifas

COTA DE INSCRICIÓN NA INSTALACIÓN

COTA DE ALTA: 23,09 euros

A cota de alta na instalación e independente da cota mensual.

Toda persoa que se abone pagará o mes completo independentemente da data que se dea de alta.

Darase a posibilidade de asistir a actividades de forma gratuíta como promoción das mesmas e só para socios.

Todo socio que deixe de selo, perderá os seus dereitos como tal, e terá que voltar a pagala cota de inscrición para facerse socio. Neste mesmo caso, existe unha fórmula para non volver pagar a cota de alta, e é a de aboar unha cota de mantemento, a cal pódese manter durante os tres meses seguintes. Unha vez superado este prazo, continuará sendo socio, aboando a cota mensual ou ben daráselle de baixa.

SOCIO INDIVIDUAL: 35,17 euros

O socio individual será aquel que pagando a cota de inscrición e a cota mensual como socio, ten dereito a entrada e aproveitamento libre de:

- piscina
- sala de musculación
- cardiovasculares
- sauna (no caso de habela).

O socio individual non empadroado no Concello de Sanxenxo terá un incremento do 20% do prezo establecido, é dicir, 42,20 euros.

Para ser socio empadroado será necesaria a presentación do D.N.I. ou, se fose necesario, o padrón municipal.

Queda limitado o acceso en franxas horarias, nas cales, a demanda existente condicione a calidade do servizo (cursos, acceso a clubs...). Informarase das restricións horarias con antelación, a través dos servizos de atención ó público e os paneis informativos correspondentes.

O ser socio, non leva consigo, un dereito superior sobre outros usuarios que non o sexan, a hora de realizar as actividades.

O ser socio, implica un desconto do 50 % en actividades que o admitan.

Como promoción, no caso de que a dirección o estime oportuno, o socio poderá acceder a unha segunda actividade e seguintes, cun desconto do 50 % do prezo establecido para os mesmos, sempre e cando a demanda o permita.

SOCIO FAMILIAR: 52,76 euros

Nesta cota queda incluído o matrimonio e o primeiro fillo.

Os membros que formen o socio familiar teñen as mesmas vantaxes e obrigas que o socio individual. Con referencia o segundo fillo, será obrigatorio aboar mensualmente 6,59 euros .

As familias numerosas só pagarán 50,88 euros por todos e cada un dos membros da unidade familiar, como axuda do concello a este colectivo, ata que cumpran os 16 anos de idade. Será necesario presentalo documento acreditativo.

O socio familiar non empadroado terá un incremento do 20 % do prezo, é dicir, 63,31 euros.

O socio monoparental empadroado abonara unha cantidade de 36,27 euros

O socio monoparental non empadroado abonará a cantidade de 43,52 euros

Para poder acollerse o abono de socio familiar, é necesario a presentación da fotocopia do libro de familia. O troco de situación familiar traerá consigo a perda de dito abono.

Os fillos poderán formar parte do abono mentres non cumpran os 16 anos. No intre do cumprimento de dita idade, teranse que aboar de forma individual, acolléndose as posibilidades existentes.

SOCIO 3ª IDADE, ESTUDIANTE E MINUSVÁLIDO: 23,09 euros

Para acollerse a estes abonos será obrigatorio aportar os documentos acreditativos.

No caso da terceira idade será obrigatorio teren cumpridos máis de 60 anos, ou presentar xustificante de ser pensionista.

Para os estudantes será obrigatorio a presentación do carné de estudante, ou no seu defecto, unha copia do pago da matrícula do ano académico correspondente á data de alta.

Do mesmo xeito, os minusválidos deberán acreditar os documentos que demostren a súa condición.

Aqueles que non estean empadroados no concello, aboarán un 20% máis do prezo establecido, é dicir 27,71 euros.

COTA DE MANTEMENTO 7,14 euros

Esta cota pagarana aqueles socios que se deron de baixa e queren voltar nos próximos meses. Máximo 3 meses.

A partir do terceiro mes vencido, terían que pagar a cota de inscrición de novo.

PISCINAS

Baño libre

ADULTO: 3,30 euros

INFANTIL, 3ª IDADE & PENSIONISTAS: 1,98 euros 40% de desconto.

➤ Considérase infantil ós menores de 16 anos.

➤ Considérase 3ª idade ós maiores de 60 anos ou pensionistas menores desta idade.

A duración do baño libre será como máximo dunha hora.

O baño libre poderá estar pechado o público, nas franxas horarias que correspondan co desenvolvemento de cursos de natación, ou outras actividades.

Bonos de baño libre

	10 BAÑOS	15 BAÑOS	20 BAÑOS
ADULTOS	20,88 euros	25,27 euros	29,68 euros
INFANTIL & 3ª IDADE	12,09 euros	15,39 euros	17,58 euros

A validez máxima do bono, unha vez comprado, será dun mes.

Os prezos contemplan unha porcentaxe de desconto en cada un dos bonos, aplicados sobre o prezo do baño libre de cada tipo de usuario. Esta porcentaxe, vai en aumento correlacionado co maior número de baños.

Estes bonos quedan suxeitos as mesmas condicións que o baño libre do apartado anterior.

Cursos de natación

	1 SES / SEMANA		2 SES / SEMANA		3 SES / SEMANA	
	Non soc.	socios	Non soc.	socios	Non soc.	Socios
BEBÉS	21,98	10,99	28,58	14,29	35,17	17,58
INF-3ª ID.	10,99	5,50	16,50	8,25	23,09	11,54
ADULTOS	17,58	8,80	24,17	12,09	30,77	15,39

Os cursos de natación distribuiranse da seguinte forma:

- Bebés (6 meses-3 anos)
- Infantil (4 anos-15 anos)
- Adultos (+16).

Os socios teñen un desconto do 50 % no prezo do curso.
Os cursos terán uns días e franxas horarias determinados.

Os usuarios non poderán trocar de horario ata o seguinte mes, salvo que exista un troco entre dúas persoas nos horarios afectados, deste xeito tampouco será razón suficiente trocar o horario polo monitor.

ACTIVIDADES NO MEDIO ACUÁTICO

Aquagym, Actividade física para embarazadas e Natación pais + fillos.

	NON SOCIOS	SOCIOS
2 SESIÓNS POR SEMANA	23,08 euros	11,54 euros

Os prezos establecidos corresponden a cada unha das actividades antes sinaladas.

No caso da actividade "pais + fillos", o prezo inclúe un pai e un fillo. Si aumentasen na actividade máis fillos ou un pai máis, a actividade tería un aumento de 5,30 euros por persoa, tanto para socios como para os non socios.

ACTIVIDADES NA SALA

Strechng, Ximnasia de mantemento e condicionamento físico, corrección postural, abdominais e glúteos, power combat e scultural body.

	NON SOCIOS	SOCIOS
2 SESIÓNS POR SEMANA	17,58 euros	8,80 euros

Power work.

	NON SOCIOS	SOCIOS
2 SESIÓNS POR SEMANA	24,18 euros	12,09 euros

Prezos por actividade antes sinaladas.

Estas actividades quedan suxeitas as mesmas normas que as actividades na piscina.

ACTIVIDADES ESPECIAIS

Actividade física para persoas maiores e actividade física para mulleres rurais.

	PERSONAS MAIORES	MULLERES RURAIS
2 SESIÓNS POR SEMANA	6,59 euros	14,29 euros

Actividade física para persoas maiores comprende dúas sesións de balde (1 en seco e outra no medio acuático),e ademais, dous días de actividade pagando 6,59 euros (as dúas no medio acuático).

Actividade física para mulleres rurais comprende unha sesión en piscina e outra en seco.

As condicións de participación nestas actividades serán establecidas pola Concellería de Benestar Social.

OUTRAS ACTIVIDADES

AERÓBIC & STEP

1 SES / SEMANA	2 SES / SEMANA	3SES/ SEMANA	4 SES/SEMANA
Non soc. Socios	Non soc. Socios	Non soc. Socios	Non soc. Socios
14,28 € 7,14 €	21,98 € 10,99 €	28,58 € 14,29 €	35,16 € 17,58 €

AERÓBIC INFANTIL

	NON SOCIOS	SOCIOS
2 SES / SEMANA	17,60 euros	8,80 euros

Actividade para nenos de 8 a 14 anos.

ACTIVIDADE FÍSICA TERAPÉUTICA

	NON SOCIOS	SOCIOS
2 SES / SEMANA	28,58 euros	14,29 euros
3 SES / SEMANA	35,16 euros	17,58 euros

SPINING

	NON SOCIOS	SOCIOS
2 SES / SEMANA	35,16 euros	17,58 euros
3 SES / SEMANA	41,76 euros	20,88 euros

IOGA

	NON SOCIOS	SOCIOS
2 SES / SEMANA	20,86 euros	10,43 euros

TAI-CHI

	NON SOCIOS	SOCIOS
2 SES / SEMANA	20,86 euros	10,43 euros

BAILES DE SALÓN

	NON SOCIOS		SOCIOS	
2 SES / SEMANA	Parellas	Individual	Parellas	Individual
	28,58 euros	17,60 euros	14,29 euros	8,80 euros

Establécense dous prezos na actividade, dependendo de si acude á actividade de forma individual ou con parella.

PREPARACIÓN FÍSICA ESPECIAL

	NON SOCIOS	SOCIOS
	41,76 euros	20,88 euros

Preparación física específica para probas físicas e deporte de elite (corpos e forzas de seguridade do estado, bombeiros...).

MUSCULACIÓN E CARDIOVASCULARES

SESIÓN INDIVIDUAL: 3,30 euros

A duración da sesión será como máximo de 1 h. e 30 min.

ABONO MENSUAL: 28,58 euros

Poderá asistir tódolos días durante 1 h. e 30 min.

Quedarán limitadas as franxas horarias que non sexa posible ofertar a actividade ós aboados.

BONOS ESPECIAIS DE MUSCULACIÓN E CARDIOVASCULARES

	10 SES.	15 SES.	20 SES.
ADULTOS	20,88 euros	25,27 euros	29,68 euros
XUVENIL & 3ª IDADE	12,09 euros	15,39 euros	17,58 euros

Os bonos especiais de musculación e cardiovasculares, estarán sometidos ás mesmas condicións que ás variantes expostas con anterioridade.

Está prohibido o acceso a sala de musculación e cardiovasculares a menores de 16 anos, salvo a supervisión dun adulto ou do preparador físico correspondente.

CLUBES DEPORTIVOS

Bonos clubs deportivos

MÁXIMO 1 SESIÓN SEMANAL	+20 ABONOS	-20 ABONOS
FEDERADOS –16 ANOS	4,39 euros	6,59 euros
FEDERADOS +16 ANOS	6,59 euros	10,99 euros

O horario válido para este bono será de 14:00 a 16:00 horas.

Os clubs quedarán obrigados a respectar e cumprilas normas da instalación. Así mesmo, serán responsables do material posto a súa disposición.

Os prezos expostos corresponden a cada federado do club, aboado e mes.

SESIÓNS INDIVIDUAIS DE CLUBES: 3,30 euros

Este prezo corresponde ós clubs que desexen facer máis dunha sesión semanal, así como aqueles que non se acollan ós bonos e queiran facer sesións de preparación física nas instalacións.

O igual que os bonos anteriores, o pago só da dereito o uso do ximnasio ou da piscina, non ámbolos dous a vez.

O tempo máximo queda restrinxido a mesma franxa horaria que o bono anteriormente exposto.

SESIÓN RELAX CLUBES 3,30 euros

O prezo deste bono será por membro do club que aproveite o servizo e día. Este prezo inclúe:

- baño
- jacuzzi
- sauna

Calquera outro servizo, coma masaxe, rehabilitación, musculación, ... será aboado de forma independente.

Bono relax clubs

MÁXIMO 1 SESIÓN SEMANAL	+20 ABONOS	-20 ABONOS
FEDERADOS –16 ANOS	4,39 euros	6,59 euros
FEDERADOS +16 ANOS	6,59 euros	10,99 euros

O igual que os bonos anteriores, os prezos expostos correspóndense con cada membro do club, aboado e mes.

BONOS ESPECIAIS

BONO MEDIODÍA (Válido de 13:30 A 16:00): 10,99 euros

Este bono é específico de acceso a piscina. Só se poderá acceder á mesma no horario preestablecido, e non noutro. No caso de querer usalo complexo deportivo en calquera do seus ámbitos en diferente horario, terá que aboar o que corresponda da actividade desenvolvida.

Se a dirección da instalación considera necesario o peche do complexo neste horario, este bono quedará automaticamente anulado.

BONO VIP: 116,50 euros

Este bono dará acceso a toda a instalación e a tódalas actividades sen límite.

Quedarán excluídos deste bono as franxas horarias pechadas ó público. Este bono non inclúe a gratuidade do solarium nin das masaxes, inda que sí contempla os descontos en cada un deles.

BONO VIP FAMILIAR: 234,09 euros

Este bono inclúe a parella e un fillo, quedando excluídos aqueles que teñan 16 anos cumpridos. Cada fillo a maiores pagará 70.34 euros.

Solarium

	NON SOCIOS	SOCIOS
SESIÓN INDIVIDUAL	4,39 euros	3,29 euros
BONO 5 SESIÓNS + 1 GRATIS	23,09 euros	17,32 euros
BONO 10 SESIÓNS + 3 GRATIS	47,26 euros	35,44 euros

O solarium para socios contempla un desconto do 25 %.

Sauna. Sesión: 2,20 euros

Masaxe

	NON SOCIOS	SOCIOS
COMPLETO 45'	28,58 euros	21,43 euros
PARCIAL 20'	17,58 euros	13,18 euros

As masaxes para socios contemplan un desconto do 25 %.

Este servizo ofértase con cita previa (telefónica o persoalmente), ou no horario habitual do profesional correspondente. Dito horario farase saber publicamente cando comece a actividade.

ALUGUER DE SALAS

Sala Polivalente: 34,86 euros/h

O uso desta sala ofertarase no caso da organización de cursos ou actividades que se desenvolvan integramente nesta instalación. Cobrarase un 20 % da cota de inscrición, ademais do prezo polo aluguer da sala.

Piscina Pequena: 35,17 euros/hora

Piscina Grande: 350,59 euros/hora

Por Calle: 70,34 euros/hora

PREZOS PARA COLEXIOS

Por Alumno En Piscina: 1,10 euros

Por Alumno En Sala: 1,10 euros

Estes prezos fan referencia ós centros escolares, que dentro do seu horario académico e das materias curriculares (Ex.: Educación física) queren facer uso das instalacións.

A duración de cada unha das sesións será de 45 min.

Estes grupos non pagarán o aluguer das salas.

GRUPOS CON MONITOR

A.P.A.S.: 10,99 euros

OUTROS GRUPOS: 12,09 euros

Estes prezos serán mensuais e por unha sesión semanal.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

CON MONITOR 10,99 euros

SEN MONITOR 6,59 euros

GRUPOS SEN MONITOR

Pagarán a entrada correspondente co seu grupo de idade.

Os descontos están incluídos nos bonos.

SEGUNDO: de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo exporase ó público no taboleiro de anuncios do concello, por un prazo mínimo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no BOP, e contará a partir do día seguinte a que teña lugar a publicación no mesmo, así como nun diario dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón provisional, de forma automática e entrará en vigor a partir do 01/01/08.””

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que outra vez estabamos ante un servizo deficitario. Considerou que hai novos ricos que lles toca a lotería e logo están na ruína pola súa mala xestión. Estimou excesivo que o servizo da piscina municipal teña un déficit anual de 121.118,39 euros e que é unha obriga da oposición lembrar estes temas.

A presidencia somete a votación o ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP) .

Abstencións: 8 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e por maioría, aprobouse o ditame na forma antes transcrita.-----

80 : MODIFICACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS DO EDIFICIO DO PAZO EMILIA PARDO BAZÁN. Polo Sr. **secretario** dáse lectura do ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“”18º) **MODIFICACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS DO EDIFICIO DO PAZO EMILIA PARDO BAZÁN.** Trátase da modificación de dezanove ordenanzas con catro casuísticas distintas, taxas por utilización privativa do dominio público ou aproveitamento especial, taxas por prestación de servizos, impostos e un prezo público.

Na proposta da alcaldía as tarifas modificadas foron do 2,2% do IPC de xullo de 2006 a xullo de 2007.

Ós efectos dos estudos de custos relativos, ás ordenanzas que se modifican, tómanse como base os correspondentes do último ano modificado.

Constan en cada un dos expedientes a documentación necesaria, e de conformidade co artigo 47 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación das ordenanzas non precisa de maioría cualificada.

O Sr. **interventor** manifesta que non é de aplicación o artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo (xa que o mencionado artigo é aplicable ós tributos) que establece que os acordos provisionais adoptados polas corporacións locais, relativos á modificación de ordenanzas deben de ter un réxime distinto de tramitación.

Como queira que neste prezo público non é necesario o réxime de publicación, non existe impedimento en que se tramite nembargantes coas demais taxas para maior abundamento.

A presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **8 (Grupo Municipal do PP e Sra. presidenta).**

Votos pola **abstención: 6 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo municipal Mixto).**

En consecuencia, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de tarifas:

Distribución de prezos por andares e espazos:

Espazos	medidas (m ²)	capacidade	tarifas por día
0.- Soto			
0.1.- Sala de exposicións	173,04		85,23 €
0.2.- Vestíbulo soto	54,97		40,00 €
0.3.- Box 1	5		6 €/hora
0.4.- Box 2/3	7		6 €/hora
0.5.- Camerino 1 + duchas	12,6		47,00 €
0.6.- Camerino 2 + duchas	12,6		47,00 €
0.7.- Dous camerinos + duchas	25,2		80,00 €
1.- Baixo			
1.1.- Auditorio	312,05	270 butacas	537,35 €
1.2.- Vestíbulo auditorio	100,79		150,00 €
1.3.- Terraza exterior			227,27 €
2.- Primeiro andar			
2.1.- Sala de proxeccións	16,63		200,00 €
2.2.- Aula 2			
2.3.- Vestíbulo	60,72		34,09 €
3.- Segundo andar			
3.1.- Seminarios.			
Seminario 1	39,31		51,14 €
seminario 2	38,34		51,14 €
seminario 3	36,72		51,14 €
3.2.- Vestíbulo	60,72		34,09 €
4.- Aparcamento exterior.			
4.- Aparcamento exterior.			180,00 €

Tarifas especiais por alugamento global do edificio alugamento diario de tódolos espazos especificados anteriormente 1.200,00 €

SEGUNDO: unha vez aprobado polo Pleno municipal a modificación do prezo público será inmediatamente executivo unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia.””

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que no estudo de custos aparece un balance negativo de 442.000 euros, pero lle parece que hai un erro “gordo” e non ten capacidade de discernir o balance real.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que se estaba tratando de analizar a suba de 20 ordenanzas e que pode haber algúns erros sen transcendencia. Engadiu que o debate non pode centrarse neses erros xa que as cuestións aritméticas son subsanables.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** considerou que os expedientes deben vir “impolutos” ó pleno como se lle esixen a él na empresa na que traballa.

O **Sr. interventor** manifestou que a súa función non é confeccionar os expedientes, senón fiscalizalos.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou, acompañando as súas verbas cun golpe sobre a mesa, que o documento errado ven asinado polo propio Sr. interventor.

De novo, o **Sr. interventor** insistiu que a súa función é fiscalizar expedientes, non tramitalos.

Despois de preguntarlle a **Sra. alcaldesa** ó Sr. Rodríguez Lorenzo onde estaba o erro, houbo un confuso debate entre o concelleiro do Grupo Mixto, o Sr. interventor e a propia alcaldesa, manifestando esta última que se estaban a mesturar datos da modificación do prezo público do Pazo Emilia Pardo Bazán, con datos do expediente do punto seguinte, que se refire a taxa pola prestación dos servizos do O.A. Terra de Sanxenxo.

Aclarou o **Sr. interventor** que os estudos de custos son indicativos e que neste caso é deficitario o servizo que se presta pola utilización do Pazo Emilia Pardo Bazán. Engadiu que nos prezos públicos o estudo é potestativo porque nestes supostos si pode haber beneficios, algo prohibido para as taxas.

O **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, manifestou que non entende como se discute sobre este tema, pois este é un servizo que ten que ser deficitario, pois hai que potenciar todo tipo de actividades culturais, educativas e sociais. Rematou dicindo, que este servizo aínda lle parece pouco deficitario.

A presidencia somete a votación o ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP) .

Abstencións: 8 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e por maioría, aprobouse o ditame na forma antes transcrita.-----

81 : MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO O. A. TERRA DE SANXENXO. Polo **Sr. secretario** dáse lectura do ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

19ª) MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO O. A. TERRA DE SANXENXO. Trátase da modificación de dezanove ordenanzas con catro casuísticas distintas, taxas por utilización privativa do dominio público ou aproveitamento especial, taxas por prestación de servizos, impostos e un prezo público.

Na proposta da alcaldía as tarifas modificadas foron do 2,2% do IPC de xullo de 2006 a xullo de 2007.

Os efectos dos estudos de custos relativos, ás ordenanzas que se modifican, tómanse como base os correspondentes do último ano modificado.

Constan en cada un dos expedientes a documentación necesaria, e de conformidade co artigo 47 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación das ordenanzas non precisa de maioría cualificada.

A presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **8 (Grupo Municipal do PP e Sra. presidenta).**

Votos pola abstención: **6 (Grupos Municipais do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de tarifas:

Art. 4. Contía

2. A tarifa da taxa será a seguinte:

Escolas municipais

Actividade	Inscripción	Mensualidade
Escola municipais deportivas		
Baloncesto	16,49 €	0,00 €
Fútbol sala	16,49 €	0,00 €
Hípica	16,49 €	16,49 €
Piragüismo	16,49 €	0,00 €
Surf bodyboard	16,49 €	0,00 €
Taekwondo	16,49 €	0,00 €
Tenis	16,49 €	5,50 €
Vela	16,49 €	0,00 €
Voleibol	16,49 €	0,00 €
Natación	16,49 €	8,80 €
Educación física de base	16,49 €	8,80 €
Predeporte e multideporte	16,49 €	8,80 €
Salvamento	16,49 €	0,00 €
Escolas municipais culturais		
Ludoteca	16,49 €	0,00 €
Escola oficial de música (taxas en función das materias elixidas)		
Música e movemento	16,49 €	16,49 €
Linguaxe musical + 1 instrumento	16,49 €	21,99 €
Elixir mais de un instrumento supón aumento de taxa en 10,37 euros por instrumento		
Cursos de formación complementaria da escola de música		
Ata 15 horas	30 €	0,00 €
De 16 a 30 horas	50 €	0,00 €
De 31 a 60 horas	100 €	0,00 €
Máis de 60 horas	150 €	0,00 €

Os alumnos inscritos na escola de música do Concello de Sanxenxo terán un desconto do 25%
Os alumnos que participen nos cursos como oíntes terán un desconto do 75%

Escola de arte	16,49 €	0,00 €
Arte infantil	10,99 €	0,00 €

Actividades para adultos

Escola de arte	21,99 €	16,49 €
----------------	---------	---------

Escola oficial de música

Actividade	Inscrición	Mensualidade
Linguaxe musical + 1 instrumento	21,99 €	21,99 €
Elixir mais de un instrumento supón aumento da taxa en 10,37 euros por instrumento		
Outras disciplinas culturais ou deportivas	16,49 €	
Mensualidade soamente se o require a actividade	16,49 €	
Xornadas, cursos, monográficos, congresos		
Ata 15 horas	20 €	0,00 €
De 16 a 30 horas	40 €	0,00 €
De 31 a 60 horas	80 €	0,00 €
Máis de 60 horas	120 €	0,00 €

Os usuarios das actividades das escolas municipais poderán estar suxeitos á redución das taxas nos seguintes casos:

- Por familia numerosa, de acordo coa Lei 40/2003 de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, no artigo 12:
- categoría xeral: terán un desconto do 50% nas taxas de inscrición e mensualidade.
- categoría especial: estarán exentas de taxas.
- As familias con dous fillos inscritos nas actividades aplicaráselles un desconto do 25% a cada un deles nas cotas mensuais.
- Veranse exentas de taxas aquelas familias que teñan un informe favorable dos servizos sociais municipais.

Dado que as escolas municipais son sufragadas pola entidade local e non son autofinanciáveis, establécese que os usuarios non empadroados no concello terán un incremento do 50% no importe das mensualidades.

SEGUNDO: de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo exporase ó público no taboleiro de anuncios do concello, por un prazo mínimo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no BOP, e contará a partir do día seguinte a que teña lugar a publicación no mesmo, así como nun diario dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón provisional, de forma automática e será de aplicación a partir da entrada en vigor do curso académico 2008-2009, que en todo caso será o 01/10/08.””

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que no estudo de custos aparece a cifra de 50.000 euros de ingresos e 451.0000 euros de gastos, cun déficit de 401.000 euros.

A Sra. **alcaldesa** manifestou que o concelleiro do grupo mixto seguía a detallarnos os déficits e vulgando os servizos, cando o que se está a tratar é se as taxas das ordenanzas se elevan no 2,2%.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo** acusou de mala xestión ó goberno local engadindo que hai moitas cousas que corrixir en canto a censos, padróns e cobros.

A presidencia somete a votación o ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 9 (Grupo Municipal do PP)** .

Abstencións: 8 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e por maioría, aprobouse o ditame na forma antes transcrita.-----

82 : MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CENTRO DE DÍA. Polo Sr. **secretario** dáse lectura do ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“**20ª) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CENTRO DE DÍA.** Trátase da modificación de dezanove ordenanzas con catro casuísticas distintas, taxas por utilización privativa do dominio público ou aproveitamento especial, taxas por prestación de servizos, impostos e un prezo público.

Na proposta da alcaldía as tarifas modificadas foron do 2,2% do IPC de xullo de 2006 a xullo de 2007.

Os efectos dos estudos de custos relativos, ás ordenanzas que se modifican, tómanse como base os correspondentes do último ano modificado.

Constan en cada un dos expedientes a documentación necesaria, e de conformidade co artigo 47 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación das ordenanzas non precisa de maioría cualificada.

A presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 8 (Grupo Municipal do PP e Sra. presidenta).**

Votos pola **abstención: 6 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de tarifas:

C) TARIFAS

1.- Para as persoas maiores e empadroadas no termo municipal de Sanxenxo a tarifa é de 604,09 euros ó mes.

2.- Para as persoas procedentes doutros concellos a taxa incrementarase nun 50%.

3.- O custo de transporte que será exclusivo no ámbito do territorio municipal terá unha tarifa de 53 euros cada mes.

SEGUNDO: de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo exporase ó público no taboleiro de anuncios do concello, por un prazo mínimo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no BOP, e contará a partir do día seguinte a que teña lugar a publicación no mesmo, así como nun diario dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón provisional, de forma automática e entrará en vigor a partir do 01/01/08.””

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que este é o servizo que menos lle importa que sexa deficitario, por respecto ás persoas maiores que o precisan. Engadiu, que probablemente amosaba certo egoísmo, porque pode ser que algún día o necesite el mesmo.

A **Sra. alcaldesa** manifestou, con ironía, que posiblemente canto máis “cascarrabias” sexamos máis posibilidades teremos no futuro de precisar atención no Centro de Día.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** voltou a falar de déficits e así cifrou en 180.000 euros o balance negativo do Centro de Día pregando, para rematar, á Sra. alcaldesa, que negocie coa Xunta para obter axudas económicas que palién este déficit do servizo.

A presidencia somete a votación o ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP) .

Abstencións: 8 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e por maioría, aprobouse o ditame na forma antes transcrita.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as vinte e dúas horas de todo o que, eu secretario, dou fe: